

---

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.4532-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

---

## MOCIÓN

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

E vontade inequívoca do nos grupo municipal antepoñer as necesidades dos veciños e veciñas, e de Caldas de Reis en xeral, por elo non entendemos que algunhas forzas políticas so busquen unha rentabilidade política xerando conflitos e rompendo consensos en temas que coidamos estratéxicos para o noso Pobo, como esta ocorrendo ca posta a disposición da Xunta de Galicia por parte do Concello, de terreos idóneos para a construción dun novo centro de saúde, que coidamos urxente e prioritario.

Este auténtico culebrón xa se remonta a xullo de 2008 cando se debateu unha moción sobre a ubicación e se celebraron varias xuntas de voceiros sen que o Alcalde trasladase proposta algunha. Logo no ano 2010 e cando o Alcalde decide iniciar o expediente de segregación dunha parcela da finca municipal de A Tafona para a cesión o Sergas para o Centro de Saúde, ese asunto debateuse no Pleno do 30/07/2010 e xa daquela se deixaba claro que se trataba dun tema improvisado, non consensuado co resto das forzas e cunha ubicación que non se consideraba a idónea.

O 29 de abril de 2011 o BNG presenta unha moción para o debate no Pleno que dí literalmente:

*Que a finais do 2010, o Pleno acordou a cesión dunha parcela na Tafona para a construción dun novo Centro de Saude.*

*-Que os grupos políticos representado no Concello mostraron, a pesar de sair adiante a moción, as súas dúbidas sobre a idoneidade da ubicación, debido, sobre todos, á súa anegabilidade e ao coalpaso de tráfico que xa existe nesta rúa.*

*-Que é un Centro de Saúde para todos os veciños de Caldas de Reis, pero tamén é un punto de atención continuada (PAC) para os Concellos limítrofes, polo que se fai necesaria unha mellor accesibilidade.*

*-Que a Xunta de Galicia non incluíu o Centro Médico de Caldas de Reis nos Orzamentos 2011, polo que dispoñemos duns meses para buscar alternativas mellores.*

*-O vindeiro 22 de maio haberá eleccións municipais, das que nacerá unha nova corporación municipal, co tempo suficiente para buscar unha ubicación mellor.*

*Por estes motivos e outros non expostos, desde o BNG cremos firmemente que aínda estamos a tempo de evitar este acordo que, ao noso parecer, constitúe un grave erro para o futuro do noso Concello, xa que suporía arriscar unha inversión millonaria a sufrir unha riada, crearía un caos circulatorio nesta rúa xa colapsada e dificultaría a posibilidade futura de peonalizar o entorno da burga.*

*Por todo o exposto, o BNG presenta para a súa aprobación en pleno ordinario o seguinte*

#### ACORDO

*1. Revocar os acordos plenarios de ubicación e cesión dos terreos para a construción do novo Centro Médico na finca municipal da Tafona.”*

Esta moción presentase logo de que o día 5/1/2011 a finca da Tafona se anegase por una riada e votase mais de 5 días nesa situación, con importantes danos o edificio da Fundación Comarcal e a outras



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

instalacións, esa moción debatese e aprobase cos votos a favor das tres forzas políticas da oposición e cos votos en contra do grupo municipal de goberno.

Pese a todo elo o Alcalde, nun claro exercicio de respecto democrático as decisión soberanas do Pleno traslada esa parcela a Sergas ló xa se remonta o Pleno do 30 de xullo de 2010 cando o Alcalde na A deixades de funcións do equipo de goberno, e en especial do actual Alcalde, está a provocar serias dificultades para o crecemento e a regularización do asentamento irregular de diversas industrias situadas en Veigas de Almorzar e Monte Meán, na parroquia de Bemil, o carón da estrada N640 Chapa-Carril, concretamente na saída de Caldas de Reis cara Vilagarcía, co que supón para o emprego e a riqueza do noso Pobo.

Seis anos despois, concretamente o día 23/02/2017 o Sergas constesta que considera que finca é asolagable e por tanto considera a parcela técnica e funcionalmente inadecuada, tal que como dixeron todas as forzas políticas da oposición no Pleno, esta conclusión do Segas obtense logo de que Augas de Galicia rematase o estudio de anegabilidade que redactou para o río Umia e que non só conclueu que ese terreo era anegable, se non que considerou con moitos mais e obrigou a Concello de Caldas de Reis a cambiar a edificabilidade de moitas parcelas que o novo PXOM en trámite consideraba anegables.

Así pois estabamos no 2017 no punto de partida, entón o equipo de goberno escomenza a ofertar parcelas verbalmente sen tramitar expediente administrativo algún, e comenza a centrarse nunha parcela privada da Avenida de Pontevedra, a que leva os técnicos da Xunta de Galicia e que estes valoran positivamente, esixindo por escrito de 19/10/2018 unhas aclaracións sobre accesibilidade, escrito que nunca foi contestado por este equipo de goberno.

O compromiso político da Xunta de Galicia ca construción do novo Centro de Saúde é público, cando se nomea o novo xerente do Sergas para a zona norte de Pontevedra e o entrevistan os medios xa indica como unha prioridade a construción en Caldas de Reis desa instalación.

O día 5/9/2018 a directora xeral de recursos económicos do Sergas traslada escrito o Concello no que indica que están a elaborar os orzamentos do ano 2019 e para reservar unha partida para construción precisa, a maior brevidade posible, que se lles confirme a dispoñibilidade dun terreo axeitado para tal fin, o equipo de goberno nin se molesta en contestar.

O 25/3/2019 a Dirección Xeral de Recursos Económicos volta a remitir escrito no que repasa cronoloxicamente as xestión realizadas para a consecución dun terreo axeitado, indicando que das propostas verbais trasladadas existían dúas que consideraban axeitadas e que foron requeridas aclaración sen recibir nunca contestación do Concello, así como que a última proposta absurda e non consensuada trasladada unilateralmente polo Alcalde que era a ampliación do actual edificio non o consideraban axeitada. Este escrito do Sergas indica literalmente "...estamos a espera para que o Concello de Caldas poña a disposición a que estime conveniente, a fin de iniciar o procedemento para a cesión gratuita do terreo, dado que consideramos que é necesario e imprescindible a construción dun novo Centro de Saúde en Caldas de Reis...", e nese mesmo escrito adxuntase borrador de convenio para a cesión da parcela que o Pleno de Caldas de Reis considere axeitada.

Logo desto entramos en campaña electoral das municipais e o Alcalde dase conta de que non fixo nada e entralle una ataque de pánico e escomenzan as presas e as mentiras, chegando a repartir, co membrete do Concello, un panfleto con fotos de parcelas que dí que foron cedidas e rechazadas, algo absolutamente falso, posto que cedidas só foi a Tafona, as outras nunca cedidas, porque non eran nin propiedade do Concello, non se consideraron axeitadas dende o principio, e as dúas que o Sergas consideraba viables o equipo de goberno non fixo nada mais. Chegase incluso a desfachadez de incluír unha parcela, nunca cedida, de propiedade municipal, situada detrás da antiga escola taller, hoxe en construción o edificio multiusos, na Avenida de Pontevedra, indicando no panfleto que foi rechazada e agora resulta



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

que nos enteramos pola prensa que o BNG e o PSOE nun acordo bilateral a costas do noso grupo municipal, de que ceden esa parcela que o Alcalde indicaba no panfleto que fora rechazada, como se pode mentir con tanto descaro, fai seis meses no panfleto díxoselle o veciños que fora rechazada polo Sergas e agora acordan cedela, creemos que sobran os comentarios.

Unha vez repasada a cronoloxía do que se des-fixo polo Alcalde nestes anos perdidos par aos caldenses que seguen sen novo edificio para o Centro de Saúde, temos que indicar que pola contrata este grupo municipal foi quen de reunirse ca Directora Xeral de Recursos Económicos do Sergas María Jesús Piñeiro Bello que foi quen de deixarnos claro a prioridade desta infraestrutura, co técnico do Sergas que veu a Caldas varias veces, e incluso co Conselleiro de Sanidade Don Jesús Vázquez Almuiña que na entrevista que tivemos no seu despacho nos reiterou o compromiso ca construción do novo Centro.

Por tanto nos vimos de facer, no só a labor de colaboración e fiscalización da labor do equipo de goberno municipal con relación a este tema, se non a xestión política para que a Xunta de Galicia se comprometa ca construción desta infraestrutura sanitaria prioritaria, porque nos sempre antepoñemos Caldas de Reis e os caldenses a política barata, e o faremos sempre.

Por elo presentamos esta moción para que se nos explique en consiste o pacto acadado entre o grupo municipal do PSG-PSOE e o BNG, de que superficie concreta falamos, por onde se establecen os accesos tanto rodados como peonís, se van a existir prazas de aparcamento, si se dispoñen das autorizacións sectoriais, especialmente de Patrimonio por estar o carón do Camiño Portugués de Santiago, e do Ministerio de Fomento por ter que facer o acceso a estrada N550.

Este pacto feito por dous partidos políticos, dos tres que temos representación municipal, se convidarnos a participar nestas conversas, demostran que realmente non existe vontade de acadar consensos para a construción dunha infraestrutura tan importante para Caldas.

Así pois, propón ao Pleno a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

1. Que o equipo de goberno busque o consenso de todas as forzas políticas con representación municipal e dos colectivos do Concello que poidan resultar afectados (funcionarios da sanidade, comercio, hostaleira, etc.) para lograr o maior apoio posible a esta infraestrutura fundamental para Caldas de Reis e a súa Comarca.
2. Que o Alcalde de contas neste Pleno dos pormenores da parcela, da súa situación urbanística, e de autorizacións sectoriais, así como que criterios que se valoraron para considerar esta parcela como a mais axeitada.
3. Que se comprometa a que se fose preciso mercar unha parcela, se fará seguindo o procedemento administrativo que establece a Lei, mediante concurso público, para que os propietarios interesados poidan facer as súas ofertas en sobre pechado, tras elo facer unha clasificación das ofertas dende o punto de vista de interese xeral (precio, superficie, calificación urbanística, accesos, etc.) e con elo trasladarlllo o Sergas.

En Caldas de Reis a 18 de setembro de 2019

Os concelleiro DO GRUPO MUNICIPAL **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**

**Fernando Pérez Domínguez**



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620